

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/8/2020	GOB14I03F
3X4D2Z6K0Z142T25074G	

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTESETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinteseite de febreiro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	---

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

### 2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA PARA O PROGRAMA "EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE NO PROCESO EDUCATIVO FORMAL" DA AREA IV DO II PLAN MUNICIPAL DE IGUALDADE.-

(...)

Visto o Informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Solicitud de subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza destinada a entidades locais para a promoción de Igualdade de forma individual, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo e polo Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no ano 2020.*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

### ANTECEDENTES:

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia , Administracións Públicas e Xustiza, publica no DOG nº 21 de 31/01/2020, a Resolución do 19/12/2019, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo(FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede a súa convocatoria no ano 2020

Co obxecto de solicitar algún dos programas subvencionables que regula a orde; o Servizo Sociocomunitario Municipal elabora a memoria “Educación para a Igualdade no proceso educativo formal” da Área IV do II Plan municipal de igualdade.

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

-Resolución do 19/12/2019 da Secretaría Xeral de Igualdade , publicada no Dog nº 21 de 31/01/2020

**POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA Á CONCELLEIRA DELEGADA EN IGUALDADE, PARA QUE ELEVE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DAS SEGUINTE PROPOSTAS:**

1º.- Aprobar a solicitude de subvención a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza por importe de 8.000,00€, para o programa “Educación para a Igualdade no proceso educativo formal” da Área IV do II Plan municipal de igualdade, ao abeiro da Resolución do 19/12/2019 da Secretaría Xeral de Igualdade , publicada no Dog nº 21 de 31/01/2020 , pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da Igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo(FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede a súa convocatoria no ano 2020

Importe total do programa :		12.858,60€
Achega do Concello para o exercicio 2020		4.858,60
Subvención solicitada á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza		8.000,00€

2º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 2311 22799 e 3341 22799

3º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no referente a esta solicitude de subvención”

Logo de ver dito Informe-Proposta fiscalizado de conformidade pola Intervención Municipal con data 18 de febreiro de 2020 (ICO14I00S), quen subscribe, Concelleira Delegada en materia de Igualdade, **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

Aprobar o informe-propostas anteriormente transcrito nos seus propios termos.



**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

### **3 .- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO DURANTE A ANUALIDADE 2020.-**

(...) O día 19-02-2020 a xefa de sección de Recursos Humanos e Patrimonio elevou á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas o informe-proposta, co código ASI14I04I, do expediente ASI/21/2020 que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2020

Logo de ver o anuncio do 5 de febreiro de 2020, da Deputación da Coruña, polo que se establecen as bases da convocatoria de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos en 2020, e o anuncio polo que se abre o prazo para solicitar esta subvención (BOP do 17-02-2020), quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

**Primeiro.-** Solicitar a subvención á Deputación da Coruña para financiar as retribucións do persoal técnico do servizo lingüístico durante a anualidade 2020, de acordo co seguinte plan de financiamento:

Custos totais de persoal	47.524,14 euros ▪ Salarios: 36.165,78 euros - aplicación orzamentaria 92000 13100 ▪ Seguridade Social: 11.358,36 euros - aplicación orzamentaria 92000 16000
Achega do concello	32.524,14 euros
Contía da subvención solicitada	15.000 euros

**Segundo.-** No caso de ser concedido o importe da subvención por debaixo da cantidade solicitada non suporá a renuncia á subvención pois o gasto de persoal está incluído no orzamento do concello de 2020.

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases da convocatoria da devandita subvención.

**Cuarto.-** Facultar á señora alcaldesa-presidenta para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para formalizar a subvención.”

Logo de ver o informe-proposta favorable dos servizos económicos do Concello, co código ICO14I014, esta concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas propón á Xunta de Goberno Local:

**Primeiro.-** Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

**Segundo.-** Dar conta desta resolución aos servizos económicos do concello.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI